

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 21 DE XULLO DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Ante a próxima celebración dunha nova edición da feira de oportunidades do comercio local do noso municipio, desde **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** preguntamos ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico que informe sobre o apoio prestado desde o noso municipio á celebración do devandito evento.”

O Sr. Alcantarilla Rei contesta dicindo que o Concello de Cambre vai colaborar coa Deputación na posta en marcha desta feira e refire os compromisos que asume o Concello.

O Sr. Abalo Castex dá lectura a segunda pregunta e aos seus apartados:

“- Á vista da necesidade de establecer axudas ao pequeno comercio do noso municipio desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico:

2ª.- Que medidas ou programas están a barallarse desde o seu departamento para a axuda ao pequeno comercio do noso municipio?

3ª.- Cando se van a aplicar as devanditas medidas ou programas?

4ª.- Que papel o intervención está a outorgarse ás asociacións de empresarios de Cambre na programación ou validación de ditas medidas?”

O Sr. Alcantarilla Rei intervén e di que, en relación coa axuda ao pequeno comercio, con data do 29 de xuño de 2022, publicáronse no BOP de A Coruña as bases da convocatoria pública das subvencións municipais para asociacións empresariais 2022, e que o prazo para presentar as solicitudes está aberto e remata o vindeiro 10 de agosto; que con data 29 de xullo de 2022, publicáronse as bases da convocatoria pública do programa Consolida Cambre 2022, e que o prazo para presentar as solicitudes está aberto e remata o vindeiro 10 de agosto; que desde o mes de marzo está en Contratación para tramitar o expediente de organización das feiras de Cambre e Temple, que repercutirá en beneficio do comercio de Cambre; que este mes rematarán a contratación da Campaña de dinamización do Nadal, e estase a preparar o programa tapas de Cambre, e o mercadillo de reciclaxe que tentarán realizar en outubro-novembro.

Di que en canto á colaboración coas asociacións empresariais, desde a súa concellería estase a traballar man a man con elas en todos os proxectos que lles afecten, aprobación de subvencións, posta en marcha de programas; que hai un compromiso de colaboración e de difusión da información aos comercios e hostalería dos que tamén se recollen información e opinións.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

“Foron reiteradas as ocasións nas que este **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** requiriu aos responsables municipais, a necesidade dunha adecuada roza e limpeza tanto dos camiños e lugares públicos como das leiras existentes no noso municipio; moitas delas en estado de abandono. Roza e limpeza que requirimos non só por motivos de salubridade pública senón, tamén polo perigo que iso supón como xerador ou transmisor de incendios, máxime na época estival.

Nestes días de verán, vimos como proliferaron os incendios, tamén no noso municipio, como os de Socampo ou A Pena da Nosa Señora, tal e como se observa na fotografía que se adxunta.

Por iso é polo que, desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** reitérese que pola concellería competente adóptense las medidas necesarias para a adecuada roza e limpeza non só dos nosos camiños e lugares públicos senón tamén das leiras e solares que así o requiran no noso municipio, adoptando as medias pertinentes para iso.”

O Sr. González Leirós di que podería dicir que acepta o rogo pero quere comentar que xa se está a facer; que teñen un policía dedicado casi exclusivamente ao tema dos incendios e un auxiliar que envía os escritos aos propietarios; que utilízanse as medidas disponibles e as pertinentes pero non son suficientes; que a Xunta cambiou a súa política respecto deste tema e axuda aos municipios; di que contan cunha axuda que agradecen moitísimo para corta.

Segue dicindo que a estrutura agraria en Galicia é minifundista, que a maioría da parcelas, do tecido produtivo non se basa no monte; que a xente marcha e non se pode identificar aos propietarios, e que sería precisa unha modificación da lexislación.

O Sr. Abalo Castex solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que a modificación lexislativa xa está a facerse, e que vai dar os seus frutos pero que non é óbice para que desde os municipios boten unha man.

O Sr. González Leirós pide o uso da palabra, e unha vez concedido, di que van admitir o que di; que a Lei de Montes di que se utilice a lexislación urbanística, así pois, hai que notificar, dar prazo de audiencia, alegacións, notificación e cando se cumpre, xa pasou o período de corte; puntualiza que os expedientes administrativos so poden durar un ano, polo que se non executa hai que volver a inicialos; que a problemática maior está nas parcelas de familias disgregadas nos que os propietarios están fóra e non se queren facer cargo.

O Sr. presidente intervén e di que unha solución no rústico sería que a Xunta sacase unha Lei que establecera a distancia para manter rozado, e que se non se cumpre se executa e se queda co monte ou se procede con multas coercitivas; dí que o Concello non tería recursos suficientes para executar a limpeza de fincas e despois habería que iniciar o procedemento de cobro a propietarios para intentar cobrar, e que presupostariamente non sería viable; di que efectivamente hai un problema a solucionar entre todas as administracións.

O Sr. Abalo Castex di que se ocorre unha desgracia os veciños poden pedirlle responsabilidades á Corporación por non ter o monte e as leiras limpas.

O Sr. González Leirós di que teñen un plan contraincendios, que é o que pide a Xunta.

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

1º rogo:

“1.- Dada as actuacións realizadas na rúa Graduil no cruce coa rúa Acarolada, rogamos se fagan as actuacións pertinentes para mellorar a accesibilidade da beirarrúa.”

O Sr. González Leirós intervén e di que hoxe pola tarde van a asfaltar; que o retraso debeuse a que houbo que facer unha peza de engarce da rede de augas porque se cambiou; que tamén se vai a asfaltar a rúa Graduil, e que para o martes queda pendente a entrada ao garaxe ao final da rúa porque requiren unha niveladora.

2º rogo:

“2.- Tras varios mees trala ampliación da zona azul no Temple, rogamos se informe da avaliación da actuación neste tempo e o grado de satisfacción da mesma, queixas recibidas e demais información da mesma.”

O Sr. presidente intervén e di que este rogo contestarao a Sra. Pestonit Barreiros.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“- Á vista das altas temperaturas que estamos a sufrir e a proliferación de incendios forestais, tamén no noso municipio, como os declarados nas últimas datas en Socampo ou en A Pena da Nosa Señora, desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** pregúntase á concelleira competente:

1ª.- Cales son os medios propios dos que dispón, a día de hoxe, o noso Concello para previr ou sufocar os incendios que poidan declararse no municipio?”

O Sr. presidente di que as preguntas 1ª, 2ª e 3ª as contestará a Sra. Pestonit Barreiros; di respecto da primeira pregunta que desde Protección Civil se fixo unha consulta por escrito á axencia forestal para que indiquen a orixe e que, cando se teña unha resposta enviaráselles.

O Sr. presidente di que as preguntas 4ª e 5ª correspondenlle ao Sr. González Leirós.

“4ª.- Á vista do compromiso adquirido nas pasadas Comisións Informativas polo señor alcalde de Cambre e o seu concelleiro de Urbanismo para revisar uns ferros en mal estado existentes no túnel baixo a vía férrea da estrada AC-214, no tramo que une o Mesón Vasco con Cambre, que se observan nas fotografías que se adxuntan, desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** pregúntase sobre o resultado da mencionada revisión.”

O Sr. González Leirós contesta dicindo que o 28/06/2022 enviouse un escrito a ADIF e que espera que actúen con prontitude.

O Sr. Abalo Castex pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que lles parecía perigoso polo que dicían os veciños.

O Sr. González Leirós di que se enviou a alguén competente a velo e non lles parecía de perigo inminente; e que, quen ten que actuar agora é RENFE.

O Sr. presidente intervén e di que agora vese mais ao estar o semáforo alí, xa que ao parar, a sensación de perigo parece maior do que é.

O Sr. Abalo Castex di que deixa o tema nas súas mans.

O Sr. presidente di que seguirán insistindo sobre o tema.

“5ª.- Así mesmo, informado o Sr. alcalde de Cambre á saída do último Pleno ordinario por unha das nosas concelleiras, da caída de cascotes desde a ponte da autopista AP-6 sobre o paseo que discorre entre a parroquia de O Temple e a urbanización A Barcala e o compromiso adquirido por aquel de informase inmediatamente sobre os devanditos desprendementos e adoptar as medidas oportunas; desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** pregúntase ao Sr. alcalde de Cambre sobre as xestións levadas a cabo sobre o particular.”

O Sr. González Leirós contesta dicindo que en febreiro de 2021 enviaron un escrito a Fomento, que o 11/05/2022 volveron a requirilles pero sen contestación; di que, a vista da pregunta feita polo PP, contactaron telefónicamente con xente de responsabilidade en Fomento que lles dixeron que recuperarían eses escritos e poñeríanse co tema; que nuns días darían noticias.

O Sr. Abalo Castex pregunta se cando se reciba a documentación se lles pode facilitar para transmitirla aos veciños.

O Sr. presidente contesta que si.

Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada por escrito

“Dende Alternativa dos Veciños nos preguntamos polo alcance dos últimos incendios do municipio, así como a súa posible orixe.”

O Sr. presidente contesta dicindo que se lles contestará desde Protección Civil cando informen os axentes forestais.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos de Ciudadanos presentados por escrito

1º rogo:

“Existindo rede de sumidoiros nas inmediacións do Castro onde se celebra o Galaicoi, os módulos de baños sanitarios con conexión á rede poderían ser a mellor opción para mellorar este servizo en futuras edicións. Escoitando a moitos asistentes mentras gozaban con satisfacción do evento, unha das suxerencias mais repetidas e demandadas era esta precisamente xa que os baños químicos existentes atopábanse moi sucios a miúdo durante toda a edición. Para un evento que reúne a tan numerosa cantidade de persoas, os módulos de baños con conexión cumpren cos requisitos máis altos de funcionalidade, salubridade e confort. Como todos sabemos, poden ser conectados de forma fácil e rápida á rede de sumidoiros e tamén as empresas que os subministran ofrecen un servizo de limpeza as 24 horas e unha serie de servizos adicionais como o cobro de taxas dos aseos.

Por todo iso como proposta para mellorar ano a ano un evento do que gozan numerosas persoas tanto de Cambre como de visitantes de fóra de Cambre e conscientes de que se debe ser previsoires paralelamente ao seu éxito para ofrecer maior funcionalidade aos asistentes actuais e futuros,

1. **ROGAMOS** Realizar todas as xestións necesarias para dotar á próxima edición do Galaicoi dese tipo de infraestruturas sanitarias tan demandadas e necesarias para maior éxito do evento”

O Sr. Boga Moscoso contesta dicindo que os baños foi un lote dos 8 do Galaicoi; que de 24 asociacións a única protesta que tivo foi que non había papel; que non lles pareceu que estiveran tan mal; que fixeron a limpeza continua; di que os estiveron revisando continuamente desde que os puxeron, e conclue dicindo que a súa valoración é boa e considera que Sugema cumpriu.

A Sra. García Hidalgo di que o sábado máis dunha asociación lle dixo o da falta de limpeza; di que o rogo é para que se valore a conexión dos módulos de baños á rede de sumidoiros no próximo Galaicoi.

O Sr. Boga Moscoso intervéñe e di que non cre que ese sexa o problema; que a solución sería poñer máis, e respecto dos baños, di que fixo un seguimento polo miúdo.

2º rogo:

“2. Sendo coñecedores de que o asunto suxerido no rogo anterior como outras suxerencias variadas por parte de asociacións e veciños tamén fueron trasladadas oralmente ao concelleiro de Patrimonio polos

asistentes, **rogamos unha primeira valoración oral da V edición deste Galaicoi** quedando recollida a dita valoración nun documento que enumere todos aqueles aspectos, incidencias ou suxerencias susceptibles de mellorar, cambiar ou ampliar e que fosen evidenciados durante esta celebración.”

O Sr. Boga Moscoso contesta dicindo que ese informe o fan desde o primeiro ano, anotan as queixas, as suxestións; di que a valoración inicial é moi positiva aínda que contaba con mais xente e houbo menos que outros anos, pero a repercusión nos negocios e na xente foi boa.

A Sra. García Hidalgo pregunta se cando se faga o documento resume se lles pode facilitar.

O Sr. Boga Moscoso di que si.

A Sra. García Hidalgo di que a xente estaba sorprendida porque no ano 2019 a panadería subía os seus lacóns e este ano díxoselle que tiñan que baixar a buscalos, e que quería saber se se fixo así e se isto vaise poder cambiar.

O Sr. Boga Mosoco contesta diciendo que tamén lle chegou a el esa información pero que non puido ser doutra maneira.

A Sra. García Hidalgo di que lle chegaron comentarios que lles parecía moi incómodo e negativo.

O Sr. presidente don Daniel Mallo Castro intervén e di en que esta cuestión non ven nos rogos. Na memoria que se vai a facer se cadra pódese tratar este asunto.

A Sra. García Hidalgo di que non están debatindo, se pediu unha valoración oral. Simplemente dicir a outra dúbida que tiña para que non haxa susceptibilidades.

O Sr. presidente contesta que non son susceptibilidades; que a Sra, García Hidalgo está facendo unha pregunta que non vén no rogo.

A Sra. García Hidalgo di que está no segundo turno de intervención e que o Sr. presidente non lle pode dicir o que ela pode ou non dicir.

O Sr. presidente di que non lle di que non pregunte, que neste rogo non ve necesaria esa intervención.

A Sra. García Hidalgo di que termina a súa intervención e pide que dentro da valoración se recolla o resultado mellor ou peor de que cada un tivese que ir polos lacóns.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª pregunta:

“Ante a excesivamente retardada apertura da piscina municipal de Cecebre, que debendo abrirse ao público conforme aos pregos, o pasado 18 de xuño non estivo á disposición dos usuarios ata o 15 de xullo; desde o **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** pregúntase ao concelleiro responsable:

1ª.- Cal foi o auténtico motivo para que a dita apertura non se realizase no prazo indicado nos pregos?

2ª.- Quen foi o responsable ou responsables de que a dita apertura non se realizará en prazo?

3ª.- Que medidas van adoptar desde a concellería competente para resarcir aos veciños polo atraso de case un mes na apertura da piscina cuxa utilización é este ano máis reducida?

4ª.- Que responsabilidades se van a adoptar desde a concellería/s competente/s polo sucedido?

5ª.- Como afecta o dito retraso ao cumprimento do resto das cláusulas do contrato tanto para o Concello como para a adxudicataria?"

O Sr. presidente don Daniel Mallo Castro contesta dicindo que o cambio de modelo dun contrato anual a un procedemento aberto de dous anos mais un de prórroga foi o principal motivo da demora, determinada pola carga de traballo de todos os departamentos implicados; di que o seu departamento é o responsable; que piden disculpas a toda a veciñanza e traballarán da mellor maneira para cumprir os prazos.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

1ª pregunta:

"1.- Dado o inicio da nova empresa que fai o servizo de Servizo de Axuda no Fogar, queríamos coñecer a valoración do servizo con esta nova empresa."

A Sra. Sanguñedo Álvarez intervén e di que pide un pouco mais de tempo para facer a valoración e ter unha valoración real, xa que a empresa empezou o 14 de xuño e so pasaron 5 semanas.

2ª pregunta:

"2.- Dado que o Temple é unha das parroquias máis grandes do municipio e con máis poboación gustaríamos saber se se está dando apoio ou potenciando a realización de festas, como se realizaban fai anos."

O Sr. presidente di que esta pregunta a contestará a Sra. Varela Germade por escrito.

- "1. Porque motivo este ano non se fixo invitación aos membros da oposición como outros anos na inauguración do evento?"

O Sr. Boga Moscoso contesta dicindo que se invitou aos alcaldes/alcaldesas da contorna; que non houbo tempo material (urxencias de última hora, supervisións, coordinacións); que a culpa é súa porque se lle olvidou; di que un evento deste tipo que se inaugura cunha declaración de guerra poderían ir todos, como calquera veciño, iso si, caracterizados.

- "2. Cal é o impacto económico estimado nos negocios locais despois da celebración do evento?"

O Sr. Boga Moscoso contesta dicindo que cre que elevadísimo, non só na parroquia de Cambre, tamén en Sigrás, Anceis (sobre todo), Brexo, Pravio; di que están nunha fase de cuantificación moi aproximada, que o impacto non só é de forma directa en hostalería e restauración, derivado do importante consumo dos visitantes na romaría nos negocios de Cambre; que tamén considera o impacto das operacións realizadas cos provedores locais por parte das empresas adxudicatarias para a realización da romaría.

- “3. Datos de participación.”

O Sr. Boga Moscoso contesta que dicindo na liña de anos anteriores, lixeiramente inferior; que contaba con mais xente, aínda que foi un éxito igual.

- “4. Posto que, no informe para solicitar a subvención, un dos motivos para solicitar a subvención era o impulso turístico, como se ha beneficiado Cambre en este sentido?”

O Sr. Boga Moscoso di que desde as oficinas de información detectouse unha forte asistencia de visitantes foráneos; que cada vez mais persoas ven o Castro como un atractivo turístico, co Galaicoi iso difúndese; que antes só era coñecido pola xente de Cambre; que este xacemento cada vez máis pode ser un reclamo turístico; que hai que darlle consistencia aos elementos patrimoniais e culturais que teñen, e o Galaicoi e as súas edicións poden situar a Cambre como un referente turístico para a contorna e incluso a comarca.

Pregunta de Ciudadanos presentada por escrito

“1. Cal é o motivo polo que a data 18 de xullo, día e hora de rexistro destes Rogos e Preguntas aínda non foran contestadas as preguntas formuladas de forma oral nas Comisiones (C) do día 23 do pasado mes de xuño por esta concelleira?”

O Sr. presidente intervén e di que quere pedirle desculpas porque estivo de vacacións e non as viu ata que volveu, por iso enviáronse mais tarde, o día 19/7/2022, ás 10:24 h., e que a razón foi que estaba fóra do despacho e non puido contestar ata o seu regreso.